hreayger

A.1. A POSICIÓN POLÍTICA. España tratou de situarse no grupo de países máis influentes en Europa, xa desde a súa entrada na CEE (Comunidade Económica Europea). O instrumento para conseguilo foi a celebración de cumios bilaterais anuais con Alemaña, Francia, Italia e Polonia. Entre os maiores logros de ditos cumios encóntranse a creación do Fondo de Cohesión e a política común de asilo e inmigración. Porén, a crise de 2008 minguou o prestixio internacional español e a súa influencia en Europa, polo que o seu reto será recuperar ambos, tarefa dificultada polo feito de que a última reforma das institucións comunitarias restoulle cota de poder a España, quen trata de compensalo coa ocupación de altos cargos europeos por parte de personalidades españolas. A nivel internacional, intenta orientar as relacións europeas cara a cuestións que favorezan a España, como a sinatura de acordos pesqueiros con países norteafricanos. **A.2. A POSICIÓN SOCIOECONÓMICA**. A posición económica de España é intermedia respecto dos outros países da Unión Europea, pois o PIB español ocupa o quinto lugar. Porén, a produtividade e competitividade de España son inferiores aos países máis avanzados debido á súa especialización en sectores de baixa cualificación ou especulativos; ao seu atraso en I+D+i e tecnoloxía; e mais ao seu alto nivel de economía somerxida e ter un nivel de formación máis baixo. Por outra banda, os produtos industriais españois de tecnoloxía media e baixa sofren a competencia dos prezos máis baratos dos países de Europa do leste, que están, ademais, máis próximos ao centro da Unión Europea. No terreo social, as migracións e o turismo potenciaron a presenza española en Europa, mais a taxa de paro segue a ser moi alta e reduciuse en benestar social. O reto socieconómico principal de España é recuperar o crecemento e o emprego. Para iso, Europa recomendoulle a España un novo modelo de crecemento, baseado nas prioridades da Estratexia Europea 2020: aumento do gasto en I+D+i; un crecemento sustentable máis verde e competitivo; e un crecemento integrador con alto nivel de emprego e de cohesión, mediante a redución do abandono escolar e o aumento dos estudos superiores e tamén mediante a loita contra a pobreza e a exclusión social.